

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/madr.80247>

 EDICIONES
COMPLUTENSE

Entrevista a Rafa Yáñez

Carme Blanco Ramos



Fotografía: Mauro Yáñez Vidal

Dentro da literatura galega en Madrid feita polos máis novos, Rafa Yáñez é un referente inescusable nos dous sistemas literarios, o galego e o castelán. Os seus comezos como escritor en lingua galega están fundamente enraizados no Grupo Bilbao, alá polos anos 90, ao lado dos seus referentes (Vicente Araguas, Fermín Bouza...); con todo, forxou unha voz propia que o levou a participar en diferentes antoloxías. Ao lado do seu papel como creador, salienta o seu labor de editor (revistas, fanzines...). Ademais, aquel estudante de Comunicación Audiovisual soubo converterse en Titor e Responsable de Área dentro da universidade sénior da Complutense.

Aínda que a entrevistadora e o entrevistado tiveron que comunicarse a través das novas tecnoloxías, esperamos transmitir a calidade humana de Rafa Yáñez e do noso reencontro virtual.

—Seica na túa Vilalba natal, e dende a infancia, tiveches unha formación musical. Ata

que anos e que instrumentos tocabas? Consideras que a túa formación musical te marcou dalgunha maneira como persoa? Podes falarnos un pouco desa época de colexio e de instituto en Vilalba, das afeccións, das horas de lecer? Na túa casa ou coas amizades, falabades galego?

Comecei a estudar solfexo aos 10 anos máis ou menos, porque meu irmán tocaba o piano... Rematei solfexo e fixen até quinto de piano. Logo comecei a tocar o tamboril en diferentes grupos e incluso, estando no instituto, fixemos un grupo de pop rock, “Los Crosspieces”, no que faciamos versións dos Beatles, de Oasis, Bob Dylan... Eu tocaba o baixo eléctrico.

Seguramente a formación musical influíu en min. A música é sacrificada, obriga a traballar, é disciplina. Pero a música tamén inflúe nos escritos; sempre ando na procura do ritmo para os versos e iso seguro que é por mor da música.

Sempre fun un rapaz moi activo, moi curioso. Ía a moitas actividades, xogaba ao baloncesto, tocaba o tamboril en dous grupos, ía ao conservatorio e bailaba. Bailaba nun grupo da Casa da Xuventude, que era o que máis me gustaba; eran unhas horas maravillosas. Foi no baile onde comecei a falar máis galego, porque na miña casa non se falaba; cos amigos íamos mudando do castelán a galego...

—Es un vilalbés orgulloso da súa vila que medrou entre versos de Cunqueiro e de Manuel María. As túas lecturas de poesía daquela época eran máis de poetas galegos ou españois? Podes dicirnos con cales deses poetas te identificabas máis?

Comecei a ler poesía obrigado polos estudos, e por iso non lle tiña moita afección. Foi xa en terceiro de BUP, cando *De catro a catro*, de Manuel Antonio, me abriu outra poesía que sentía máis cercana. Ese libro foi o culpable de que visitara outros libros e outros poetas, e aí estaba Cunqueiro, que se facía música na voz de Amancio Prada... E entón fun volvendo a outras lecturas, Manuel María, Noriega Varela, Luz Pozo, Luís Pimentel. Tamén volvían a poetas doutras linguas, Rafael Alberti e Lorca; co tempo descubrín a Luís Cernuda, e aí xa non puíden deixar a poesía. Tiña que ler. Seguramente me identificaba con Manuel Antonio, porque era un mariño; eu era novo e esta vida de “aventuras” seduciame moito.

—Chegaches a Madrid con 18 anos para estudar Comunicación Audiovisual. Cales eran os soños daquel mozo? Pensabas que quedarías para sempre na capital?

Non sei se confiaba en quedarme en Madrid tantos anos; cheguei con 18 e vou facer 25 aquí... No fondo, coido que sabía que sería a miña cidade, porque aquí nacera meu pai e aquí podía facer moitas cousas que soñara. Quería ser produtor audiovisual, cousa que aínda non descarto, pero tamén quería non ter que renunciar a nada, poder probar e decidir o camiño a seguir. Nunca lle tiven medo aos imprevistos nin aos contratemplos; sempre se pode improvisar...

—Cando chegaches a Madrid contactaches co Grupo Bilbao. Que significou para ti formar parte dese grupo de persoas escritoras, poetas e xente relacionada coa cultura galega?

Cheguei ao Grupo Bilbao á segunda... porque o primeiro sábado que me acheguei ao Comercial non fun home de entrar. Non sabía o que me agardaba, pero si sabía que había persoas recoñecidas e que en certo modo impactaban a un rapaz de 19 anos. Fermín Bouza, por exemplo, era profesor de Facultade... eu non estaba acostumado a tomar café con profesores.

O segundo sábado que me acheguei, entrei con Ana Acuña, que fora a que me invitara como lectora de galego que era; e así arroupado por ela fixen coraxe. Logo de levar uns minutos alí, con todos eles, sentín mágoa de non ter ido antes, pois estábame moi a gusto. Todos parecíamos iguais, aínda que eu sabía da traxectoria de Borobó ou que Fermín era o catedrático que quizais me examinaría... Alí

descubrín que os grandes homes e as grandes mulleres non fan sentir pequenos aos que non o somos, senón que nos fan crecer. Foi moi importante para min ter voz nunha tertulia con eles, sentir respectada unha opinión, fora ou non compartida.

—No faladoiro do Café Comercial, glorieta de Bilbao que lle deu nome ao Grupo, coñeches persoas, coido que importantes para túa formación tanto humana como intelectual. Poderías falarnos desas pegadas ou recordos que seguen na túa retina o no teu corazón, se che digo nomes que xa non están entre nós: Borobó, Fariña Jamardo, Fermín Bouza e coido que alguén moi especial para ti como Sabino Torres.

Con Borobó tiven pouco trato; era quizais naquel momento o máis solicitado e sempre había alguén dándolle conversa ou facéndolle preguntas. Sentín moito non ter máis trato con el. Tampouco tiven moito trato, nas tertulias, con Fermín, porque deixou de ir ao pouco de chegar eu. Fariña Jamardo xa foi outra cousa, falabamos moito, e eu abraiaba coa súa capacidade de escoitarme... de facerme partícipe de todo o que el sabía, e sabía transmitirme de forma que eu o entendera. Fariña foi tamén unha das miñas mágoas, porque aínda que eu perdera xa a meu pai e moitos familiares, foi, coido que a primeira vez que tiven que dicir que morrera un amigo. E por suposto, Sabino. Sabino era especial e segue a selo, porque aí está a Revista *Olga* e todos os libros que el publicou. Sabino era un home que facía todo máis doado e que daba moita confianza. Sabino tiña un gran respecto polos novos, e sempre andaba el con nós para ser un máis...

—Sargadelos, Ateneo, Universidade Complutense, Casa de Galicia, café Comercial... eran espazos onde se acollía e se participaba da cultura galega. Fálanos dese contorno intelectual e cultural galego que viviches ao chegar a Madrid.

E a sétima. A sétima tiña un significado especial. Era a sétima planta do edificio onde está a Facultade de Xeografía e Historia da Complutense; e alí estaba o despacho de Carmen Mejía e Ana Acuña... aínda hoxe subo ás veces a mirar polas xanelas... A Complutense xa se imaxina un que era un centro de cultura en tódolos eidos, tamén de cultura galega. Foi Sargadelos o que máis me impactou e o que máis me

gustaba porque tiña un espírito de liberdade, seguramente grazas a Inés Canosa. En Sargadelos presentei os dous meus primeiros libros de poemas e por iso tamén lle tiña un cariño especial.

O Ateneo e a Casa de Galicia non as visito tanto; son máis para actos e non lles teño un apego especial. Ao Comercial si, foi unha pena a súa transformación, e coido que en certo modo todo se resentiu moito coa súa perda. As tertulias fixéronse un pouco máis incómodas (de espazo) e todo iso fixo que fôsemos menos.

—Resides fóra de Galicia desde os 18 anos e tes como linguas literarias o castelán e o galego. Escribes en galego por compromiso ou por necesidade?

Nin por compromiso nin por necesidade. Teño a sorte de non ter que escoller o idioma; son os versos ou as historias as que escollen a lingua. Hai cousas que preciso dicilas en galego, ben porque fan referencia a un sentimento ligado a Galicia, ben porque forman parte do meu “trajecto” en Galicia. Outras, en cambio, precisan do castelán polos mesmos motivos. Si teño necesidade de escribir, porque me axuda a vivir e revivir; a lingua é un instrumento que, no meu caso, tamén dá un contexto e unha visión diferente segundo estean en galego ou en castelán.

—Luís García Montero fala da mirada do poeta no prólogo de *Farewell*, o libro que te consolidou como poeta. Dende *Onte chovía*, a túa primeira publicación no ano 2000, en que cambiou, se é que cambiou, esa mirada de poeta? Como foi ese proceso poético ata *Farewell*?

Farewell foi un libro moi traballado. Sen eu sabelo poñía fin a un ciclo. Foi un libro que me custou moito rematar porque sempre atopo algo que corrixir, pero saíu e quedei moi satisfeito del. É coma se fose a fin desa mirada cara atrás e a despedida non só de meu pai, senón dos escritos coa ollada no pasado. *Onte chovía* eran poemas inmersos nos soños dun neno que xa non era. *Lembranzas e olvidos dun estraño* volvían a repetir imaxes do pasado idealizado, e en certo modo ocorre o mesmo con *Axóuxeres da melancolía* e *Da Chá ao lonxe*. Xa ves no título que implica toda unha introspección cara ao neno que pouco a pouco xa non é neno. *Farewell* vai perdendo esa ollada; son poemas escritos xa sendo pai e sen ter pai. Foi como pasar unha páxina adiante e atoparse que o libro está en branco.

—Ao chegar ao Grupo Bilbao encontras sentado na túa mesa, diante dunha cunca de café, a Vicente Araguas, autor do poema que che tocara comentar en Selectividade uns meses antes. Cóntanos que sentiches naquel momento e no ano 2018, cando apareces en *La lluvia en el mar*, unha antoloxía de Poesía Galega Contemporánea antologada por el. Que pesa máis a satisfacción ou a responsabilidade?

Sempre pesa máis a responsabilidade, sempre. Vicente non só me tocara estudalo, senón que eu sabía moitos poemas de *Paisaxe de Glasgow* de memoria... era como ter diante de un a posibilidade de escrutar nos versos, descubrir de forma certa a identidade de Poe... Foi unha sensación moi satisfactoria porque deseguida notei certa complicidade con el. Logo, na presentación do seu libro *Billarda*, na dedicatoria escribiu “¡que veñan eses poemas!” e claro, aí está a responsabilidade de lle presentar uns poemas...

Cando me comentou no 2018 a posibilidade de aparecer na escolma de *La lluvia en el mar*; xa era outra cousa. Xa tiñamos outra relación moito máis cercana na que os dous sabíamos que esperar do outro. A responsabilidade pola miña banda era a mesma pero menos pesada de levar.

—Como definirías a túa poesía? Segundo a túa experiencia, é o poeta o que encontra a poesía, ou a poesía a que encontra ao poeta?

Non sabería definir a miña poesía. Fai uns anos decateime que tiña case un método para escribir. Era doado facelo a partir de imaxes dos recordos que eu ía escribindo; nese momento decateime que tiña que mudar, que non podía escribir “en serie”... e tratei de buscar outras fórmulas para ir combinando. Aí ando agora tratando de non repetir o que xa teño feito; quizais esa fora unha das características da miña poesía...

Á parte de todo isto, aí vai unha contradición, porque coido que é a poesía a que atopa ao poeta... Logo é o poeta o que ten que traballar e conseguir darlle forma, facela propia e facela capaz de chegar ao resto.

—*El retrato* é o teu último libro publicado e tamén a estrea na narrativa que tivo unha gran repercusión. Cóntanos se tes novos proxectos para a narrativa e o porqué dese cambio?

El retrato foi un libro con moito percorrido antes de se publicar, porque mudou moitas veces de forma e tamén de lingua, porque pedía tanto galego coma castelán. Foi moi divertido escribilo e moito máis recibir novas historias de xente que o leu. Para min significou moito porque me abriu unha porta á narrativa que non investigara aínda; con este libro perdín o medo á narrativa e, claro, xa teño varios proxectos: “Ella ya no vive aquí, cinco llegadas y otros relatos”, e incluso estou a preparar unha novela, pero precisa de moito tempo e traballo que nestes momentos non teño.

—Es subdirector de *Olga. Revista de Poesía Galega en Madrid*, na que participan poetas que residen dentro e fóra de Galicia. Como valoras esa publicación? Ten máis un valor empírico ou simbólico?

Coido que *Olga* ten un valor de seu en tódolos eidos. *Olga* é agora mesmo o moderno, xa que todos andan co dixital. *Olga* é o risco dun proxecto que se vai “financiando” coa mesma lectura. *Olga* é un reflexo da poesía vista coa distancia que nos dá o non residir en Galicia. *Olga* é fundamentalmente o noso compromiso coa lingua, pero tamén coa memoria de Sabino...

—Na opinión dalgúns críticos e críticas, en Galicia actualmente hai un moi bo nivel de poesía. Desde Madrid estades ao tanto da poesía que se publica en Galicia? Dende a distancia consideras que hai unha boa “canteira” de poetas novos e por que?

Ás veces resulta complicado estar ao tanto das novidades. Moitas veces sorpréndenme poetas maravillosos cunha traxectoria consolidada do que, polo menos eu, non tiña idea. Eu tamén coido que se está a escribir moi boa poesía, aínda que neste caso eu son máis tradicional; rexeito un pouco algunhas formas de poesía novas que considero máis preto dun audiovisual poético que á poesía pura. Pero polo xeral si, temos moito que ler, de moi boa calidade e seguro que por moitos anos.

—Houbo unha época na que algunhas persoas pensaban que os/as escritores/as galegos/as en Madrid non existíades. Algunha vez sentiches iso? Dende a capital pensades que é máis doado publicar en Galicia?

Non sabería responder sobre a non existencia dos poetas en Madrid; seguramente sexa o mesmo descoñecemento que o que a nós nos

pasa cos novos poetas de Galicia. Pero polo xeral, sentínome sempre bastante arroupado en presentacións e actos en Galicia...

Outra cousa é o tema da publicación... Coido que é complicado publicar, neste momento que é tan sinxelo publicar. Explico a contradición. Co sistema actual de pago que están a ter as editoriais, calquera que pague a tiraxe do seu libro publica, pero iso degrada moito a calidade e perverte o sistema. Publicar, sen pagar por facelo, é complicado tanto en Madrid coma en Galicia...

—Dende *Nós* mantense un vínculo especial cos escritores irlandeses. Sabemos da túa empatía por Irlanda e como grande lector de Oscar Wilde, Samuel Beckett e James Joyce. Con cal deles te irías de pubs por Dublín? E de que falarías?

Pois íache dicir que con ningún, pero non podería durmir se rexeitase unha rolda de pubs con Joyce. Non sei se quedaría moi satisfeito coa parola pero quereda preguntarlle por que o 2 de febreiro de 1922 e non outro día. Querería comprobar se o seu Dublín é o mesmo que o meu Dublín. Como é a creación e a organización dunha obra tan monumental como o *Ulises*, e tamén do *Finnegans Wake*. Querería escoitalo recitar o monólogo de Molly Bloom. Pero sobre todo quereda observalo, ver como se desenvolve, con que man colle a pinta de cervexa, que leva posto, se usa reloxo de cadea ou de pulseira, se leva garavata ou un pano no peto da chaqueta. Querería observalo cando fala co camareiro, pero sobre todo, quereda velo tomar notas para os seus escritos...

—Es licenciado en Comunicación Audiovisual e traballas na Universidade para Maiores; é aquí onde atopaches unha nova vocación? Poderías falarnos de como te sentes traballando nese ámbito? Que che ofrece ese labor?

Como xa dixen, eu quería ser produtor audiovisual... xestor cultural, en definitiva, e resulta que na Universidade para Maiores da Complutense é o que fago. Teño a sorte de ter moita liberdade no traballo e de ter o respaldo dos xefes para os novos proxectos. Así que si, eiquí estaba a miña vocación porque, ademais, un sente a utilidade do seu traballo.

É como o canteiro ou o zapateiro, das súas mans saen produtos que todos podemos tocar coas nosas mans e aproveitálos. Eu sinto que o

que fago chega á xente, que o disfrutan e que o aproveitan. Non só hai clases; tamén temos conferencias, microcursos, un programa interxeneracional, facemos visitas e excursións, preséntanse libros, vamos ao teatro, faise teatro, concertos, un fanzine e agora estou a preparar unha radio online. En definitiva, teño un traballo que me permite ser creativo, e iso é moi importante para min.

Que me ofrece todo isto? Pois agora si é o momento da palabra satisfacción...

—Es director do *Fanzine Baladí* da Universidade para Maiores da UCM. Que supón para ti este labor creativo? Permíteche relacionarte, dunha forma creativa, coa túa formación en comunicación audiovisual? Poderías explicarnos como xurdiu a idea e, se pode ser, como valoras o resultado desa experiencia co teu alumnado?

Baladí naceu no confinamento, aínda que non saíu o primeiro número até decembro de 2020. Foi un momento de parón en todas as miñas actividades e este labor era a porta que abría outra vez o traballo de creatividade. Foi coma voltar outra vez sen se ter ido; foi estar outra vez creando para disfrute non só dos alumnos senón de todos, dos que o facemos, dos que o len e dos que envían as colaboracións.

A experiencia está a ser moi positiva e é cada vez máis esixente, porque as colaboracións van aumentando en número e calidade. Ademais, aceptamos todo tipo de obras, aínda que ás veces teñamos que facer un vídeo ou diferentes soportes para mostrar os traballos que nos envían.

—O teu traballo na universidade dáche a oportunidade de coñecer grandes personalidades da cultura (escritores/as, poetas, profesores/as ou investigadores/as). Iso tamén che fixo e fai medrar como persoa. Encontraches aos teus 43 anos o sitio onde querías estar?

Pois quizais si, pero non quero. Gosto moito máis de ser un Ulises dos que nunca chegan á patria, Ethan Edwards en *Centauros del desierto* (por poñer un exemplo cinematográfico). Onde quero estar? Pois en tódolos sitios e en ningún... outra contradición, quero estar, ver,

ler, xogar e disfrutar, pero non teño necesidade de figurar.

—Vivimos nunha época complicada social, política e economicamente. Ás veces temos a sensación de que a “pandemia” permite todo. Dende o teu labor docente coas persoas sénior, como ves o futuro da educación e o nivel cultural das novas xeracións? Hoxe, a sociedade embárcase máis coas formacións especializadas e parece ser que se esquece o nivel cultural, que é realmente o que forma a persoa. Como pai, que opinión tes ao respecto?

O nivel cultural coido que está moi baixo a tódolos niveis, non só nas novas xeracións, que son reflexo da sociedade. Por iso, non me preocupa que os novos rexeiten certas ensinanzas; o malo é que nunca volvan a elas. Os alumnos da Universidade para Maiores son eses que voltan aprender polo pracer de aprender; iso é bo. Se os novos nalgún momento voltan sobre unha materia é unha vitoria; o problema é se non o fan.

Coido que o nivel cultural das chamadas “elites” tamén é moi baixo. Todo o mundo ten que saber de todo; agora coa pandemia, por exemplo, todos parecemos virólogos, cando só repetimos un titular ou unha frase mal escollida. Todo o mundo sabe a frase de Sócrates pero ninguén a aplica...

—A revista *Madrygal* desde o ano 1998 que viu a luz, está considerada como unha plataforma para visualizar e dar cabida a Cultura Galega en Madrid. Cal sería a túa valoración e que significado, segundo a túa opinión, ten para os/as madrigalegos/as?

Madrygal foi onde eu publiquei un texto por primeira vez, que máis che podo dicir... era un texto sobre os cruceiros da Terra Chá que me quitou o medo a ensinar os meus escritos. Poderás intuír a importancia que ten para min. Co tempo, leva xa 24 anos, foise profesionalizando moito, no bo sentido; por iso *Madrygal* é un referente para todos os galegos que estamos en Madrid, pero coido que tamén para o resto da xente. Un referente que levamos baixo o brazo con moito orgullo.